

ANEXO VI

DOCUMENTACIÓN PARA SOLICITUDE DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

MODELO L

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DE AXUDAS DE MINIMIS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL					CIF/NIF
DOMICILIO SOCIAL					PROVINCIA
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
ANO DE CONSTITUCIÓN	ACTIVIDADE			C.N.A.E. (ACTIVIDADE PRINCIPAL)	

DATOS DO PROXECTO

TÍTULO
CÓDIGO

Declaro que, por ter solicitado unha axuda para a realización de proxectos relativos a operacións non reguladas polo artigo 36 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, as axudas *de minimis* percibidas nos tres últimos anos fiscais por parte da entidade beneficiaria foron as seguintes:

ANO	IMPORTE (en euros)

, de de

SINATURA DO RESPONSABLE DA ENTIDADE BENEFICIARIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 21 de abril de 2008 pola que se publican as bases das subvencións para empresas privadas que realicen actividades de conservación, protección e promoción dos camiños de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

O relevante papel que o Camiño de Santiago veu desenvolvendo desde a súa orixe ata os nosos días como elemento de integración de pobos, ideas e culturas, acentuado aínda máis, se cabe, no novo espazo común europeo, foi obxecto do unánime recoñemento do Consello de Europa, a Unión Europea e a Unesco, sendo ademais designado como gran itinerario cultural europeo.

Xunto coa súa configuración como realidade social común, xorde tamén como eixe vertebrado dun patrimonio cultural propio dotado dunha notable singularidade.

Na Comunidade Autónoma de Galicia levouse a cabo nos últimos anos un intenso labor a prol de conservar, promocionar e difundir ese importante legado cultural, para o que cómpre continuar prestando apoio ás diversas iniciativas privadas xurdidas con idéntica finalidade e que se orientan cara a unha maior proxección dos valores históricos, culturais e de integración do Camiño de Santiago.

Con esta declarada finalidade, a Xunta de Galicia, a través das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural polo Decreto 36/2006,

do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte, considera de interese a concesión de axudas aos empresarios que realicen actividades de conservación, investigación, protección e difusión dos diversos camiños de Santiago.

Para tal fin,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e contía máxima.*

Esta disposición ten por obxecto promocionar e incentivar, mediante a concesión de subvencións a fondo perdido, as empresas privadas que leven a cabo actividades de promoción e difusión dos camiños de Santiago oficialmente recoñecidos polas comunidades autónomas afectadas.

As actuacións das empresas privadas poderán ser subvencionadas coa cantidade máxima de vinte mil euros (20.000 €) por beneficiario e referiranse á realización de accións de conservación, protección, promoción, investigación e recuperación dos camiños de Santiago. Non se subvencionarán gastos derivados do mantemento, funcionamento ou loxística da empresa peticionaria. Tampouco se subvencionarán viaxes de peregrinación, romarías, etc.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 2º.-*Importe orzamentado.*

O importe total do crédito destinado para esta convocatoria é cento cincuenta mil euros (150.000 €) e farase con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.433A-470.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008. En todo caso, o gasto proxectado, que é compatible con outras posibles axudas, subvencións, ingresos ou recursos, suxeitarase á existencia de crédito adecuado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Os remanentes do orzamento que resultasen de non realizar a totalidade das actividades subvencionadas, destinaranse a outras actividades que a conselleira de Cultura e Deporte considere axeitadas para a promoción dos camiños de Santiago.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán solicitar as subvencións todas as empresas privadas con forma xurídica societaria, conforme o disposto na lexislación mercantil, que leven a cabo as actividades previstas no artigo 1º.

Así mesmo, poderán solicitálas os industriais, profesionais e artistas que estean dados de alta no imposto de actividades económicas, nas respectivas epígrafes e que realicen as anteditas actividades.

Quedan expresamente excluídas as asociacións, fundacións, comunidades de bens, sociedades civís e calquera outra institución que non se encontre nos supostos previstos nos puntos anteriores.

Así mesmo, quedan tamén excluídos da condición de beneficiarios aqueles en quen concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Solicitudes.*

Os interesados dirixirán as súas solicitudes, segundo o modelo oficial que figura ao final desta orde, ao rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, edificio administrativo San Caetano, bloque 3, 15704 Santiago de Compostela, ou aos rexistros das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, ou a calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En consecuencia, non serán admitidas solicitudes enviadas a través de fax, teléfono ou calquera dos medios que non figuren no artigo citado.

A instancia deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Proposta das actividades que solicitan ser subvencionadas e polas que poidan presentar factura a data 31 de outubro do 2008, orzamento detallado das citadas actividades, así como unha breve memoria delas.

b) Breve descrición, se é o caso, das actividades realizadas os anos anteriores en relación co Camiño de Santiago.

c) Declaración xurada de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

d) Declaración xurada de non ter débedas coa Xunta de Galicia.

e) Autorización para obter a información tributaria nos termos establecidos no artigo 15 e) desta orde.

f) Declaración xurada de ter ou non solicitado axudas para a mesma finalidade de calquera outra administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais e, se é o caso, contías solicitadas.

g) Fotocopia da tarxeta do CIF ou, de ser o caso, do NIF ou documento equivalente no caso de solicitantes estranxeiros.

h) Fotocopia de alta no IAE e do último recibo que acredita estar ao día do pagamento, ou, se é o caso, a documentación acreditativa de exención do imposto; no caso de solicitantes estranxeiros, documento equivalente.

No suposto de que, en calquera momento posterior á presentación da instancia, soliciten os interesados as axudas a que se refire a letra e) deste artigo, será obrigatorio poñelo en coñecemento dos servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, dando conta da axuda solicitada, contía e administración ou ente público ou privado a que se dirixe.

Artigo 5º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes comezará a contar desde o día seguinte á publicación desta orde e rematará o 31 de maio.

Artigo 6º.-*Instrución.*

Correspóndelle a instrución dos procedementos de concesión de subvencións aos servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, con suxeición ao disposto nas bases desta convocatoria e segundo o réxime xurídico previsto no artigo seguinte.

Artigo 7º.-*Réxime xurídico.*

As subvencións obxecto desta convocatoria rexeranse polo establecido nas súas bases na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007. Para o non previsto na citada normativa, pola Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro, nos preceptos que teñen a consideración de básicos; e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Con carácter supletorio observárase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8º.-*Comisión de avaliación.*

A comisión estará integrada por un presidente, tres vogais e un secretario.

-O presidente será o secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte.

-Serán vogais o director xeral de Patrimonio Cultural, a subdirectora xeral de Protección da Cidade e

Camiños de Santiago e un representante da Sociedade Anónima do Plan Xacobeo designado pola Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria, con competencias en temas vinculados aos camiños de Santiago.

-Actuará como secretario/a o/a xefe/a do Servizo de Conservación e Protección Xacobeas.

A devandita comisión examinará e cualificará as solicitudes presentadas, tendo en conta os seguintes criterios e porcentaxes:

1. A importancia e interese patrimonial e cultural das actividades propostas no proxecto presentado, con valoración especial daquelas que contribúan á conservación, posta en valor e difusión dos camiños de Santiago e do patrimonio cultural galego vinculado a eles. A dita importancia virá determinada, no relativo ao interese patrimonial, polos elementos de patrimonio cultural obxecto do proxecto, segundo o establecido na Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, do 30 de outubro (bens de interese cultural, bens catalogados, bens inventariados e resto do patrimonio cultural), e no relativo ao interese cultural, establecendo comparativamente o maior ou menor grao de cobertura das actividades propostas no ámbito en que se desenvolven e a traxectoria profesional dos partícipes na actividade: 25%.

2. A realización de traballos de investigación en relación coa etnografía, arquitectura tradicional e a paisaxe natural no contorno dos camiños de Santiago: 25%.

3. A realización de proxectos que inclúan actividades de recuperación do patrimonio inmaterial e toponimia no ámbito dos camiños de Santiago: 20%.

4. O desenvolvemento de actividades dirixidas directamente a rapaces de idade escolar, agrupacións xuvenís ou outros colectivos sociais entre os que non se teñan feito con anterioridade actividades de difusión: 15%.

5. O emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicitan axudas, no caso de seren desenvolvidas dentro da Comunidade Autónoma de Galicia: 10%.

6. A repercusión cultural e social a calquera nivel do proxecto presentado en función do ámbito territorial, local, autonómico, nacional e internacional: 5%.

Artigo 9º.-*Resolución.*

O prazo máximo de resolución previsto neste procedemento será de catro meses contados desde o día seguinte ao último día para a presentación de solicitudes.

Tendo en conta o artigo 14 f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, fíxase o prazo

de notificación da resolución en 10 días, a partir da data en que se ditase.

A comisión avaliadora prevista no artigo anterior examinará as solicitudes e emitirá un informe en que se concrete o resultado desa avaliación. O órgano instructor elevará este informe xunto coa proposta de resolución motivada á conselleira, quen resolverá a convocatoria, de conformidade co artigo 21.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A resolución notificaráselles aos interesados segundo o establecido no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* os beneficiarios e contías subvencionadas, de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, e no artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Así mesmo e de conformidade con esta normativa, a Consellería de Cultura e Deporte publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Artigo 10º.-*Prazo de aceptación.*

Os beneficiarios deberán confirmar a súa aceptación da subvención no prazo de 10 días desde a recepción da notificación da concesión da subvención, mediante escrito dirixido á Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e comprometerse a executar o proxecto ou actividade subvencionada no prazo establecido e nas condicións fixadas na resolución.

Transcorrido o anterior prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5º, parágrafo final da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Denegación da subvención.*

O incumprimento dos requisitos exixidos pola orde de convocatoria será causa de denegación da subvención. Así mesmo, o transcurso do prazo máximo previsto no artigo 9 desta orde para a resolución deste procedemento, sen que se tiver ditado resolución

expresa, producirá os efectos desestimatorios previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En calquera caso, a denegación da subvención será expresa e motivada e os interesados poderán interpoñer contra a dita resolución denegatoria recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da súa notificación, ou ben presentar directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, desde a mesma data, ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 12º.-*Realización das actividades.*

As actividades subvencionadas executaranse con estrita conformidade coa proposta recollida no artigo 4 desta orde e na súa realización deberase deixar constancia de que se trata de actividades subvencionadas pola Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e no caso de actividades que comporten difusión escrita deberá ir en lugar e tamaño destacado o logotipo da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Artigo 13º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Os beneficiarios das subvencións están sometidos ás obrigas sinaladas nos artigos 11 e 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do cal, unha vez obtidas as subvencións, quedarán suxeitos ás seguintes obrigas:

1. No caso de que a subvención fose concedida para a realización de calquera obra nova, relativa á propiedade intelectual e susceptible de ser reproducida, como publicacións, vídeos, películas, reportaxes fotográficas, CD, debuxos, gravados, etc., os beneficiarios reservarán unha porcentaxe da obra para a Consellería de Cultura e Deporte - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago - con fins de promoción e divulgación gratuíta da obra. A mencionada porcentaxe, que non superará o 20% do total, será determinada pola Comisión de Valoración a que se refire o artigo 7º desta orde, con base na importancia da subvención concedida en relación á totalidade das subvencións fornecidas ao proxecto e á achega do beneficiario a este.

2. Cando a subvención se solicita para a realización de actividades que afecten a propiedade intelectual como publicacións, vídeos, películas, reportaxes fotográficas, CDs, debuxos, gravados, etc., os beneficiarios comprométese a autorizar a súa utilización gratuíta con destino a actividades promocionais e divulgativas da Consellería de Cultura e Deporte-Dirección Xeral de Patrimonio Cultural-Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago.

3. A facer constar en cada proxecto subvencionado, na primeira e sucesivas edicións, que esta recibiu unha subvención da Consellería de Cultura e Deporte - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago - utilizando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

4. A facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

5. Especificamente, os beneficiarios estarán obrigados a executar e xustificar o proxecto íntegro para o que se concede axuda, segundo as condicións destas bases, isto é, o 100% da execución que serve como base para o cálculo da axuda. No caso contrario, a contía da axuda minorarase proporcionalmente ao efectivamente executado.

Artigo 14º.-*Seguimento.*

A Consellería de Cultura e Deporte velará para que as actividades subvencionadas se realicen de conformidade co disposto no artigo anterior, podendo tomar as medidas que considere oportunas ao respecto.

Artigo 15º.-*Documentación xustificativa do pagamento.*

A subvención farase efectiva sempre que, con data 31 de outubro do ano 2008, se tivese rematada a actividade especificada na solicitude a que se refire o artigo 4º e se tivese entregada completa a documentación que a continuación se relaciona:

a) Informe acreditativo de terse completado o obxecto da subvención xunto con fotografías, notas de prensa e demais material que dea testemuño suficiente do seu cumprimento.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil ou con eficiencia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. Para estes documentos xuntaránselles, de ser o caso, xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes. Cando o beneficiario estea suxeito ao réxime de contabilidade empresarial, a presentación das contas do exercicio onde se reflectan as operacións relacionadas coa subvención concedida, elaboradas segundo normas de contabilidade recollidas nas disposicións aplicables, constituirán un medio de xustificación.

c) Certificación bancaria actualizada orixinal e acreditativa de que a conta sinalada para o pagamento está a nome do beneficiario.

d) Certificación actualizada do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.

e) Certificación actualizada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, salvo que o beneficiario achegase coa solicitude a autorización expresa para que a devandita información sexa solicitada polo órgano xestor.

f) Declaración xurada actualizada da empresa de ter ou non recibido axudas para a mesma finalidade de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e, de ser o caso, contías recibidas.

Así mesmo, e sen prexuízo do anterior, no momento da xustificación da execución do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto subvencionado das distintas administracións públicas ou calquera dos organismos, entes ou sociedades.

Artigo 16º.-*Perda da subvención.*

Procederase ao reintegro total ou parcial e á existencia dos xuros de demora, nos casos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente.

b) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade, ou do proxecto, ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

d) Obtención de subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de modo tal que exceda o custo da actividade desenvolvida.

Procederase de igual xeito nos demais supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA
 E DEPORTE

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A EMPRESAS PRIVADAS QUE REALICEN ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD228B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI/CIF	
[]		[]	
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		PROVINCIA	
[]		[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A) PROPOSTA EXPLÍCITA E DETALLADA DA ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR.

B) BREVE DESCRICIÓN, SE É O CASO, DAS ACTIVIDADES REALIZADAS OS ANOS ANTERIORES EN RELACIÓN COS CAMIÑOS DE SANTIAGO.

C) DECLARACIÓN XURADA DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL.

D) DECLARACIÓN XURADA DE NON TER DÉBEDAS COA XUNTA DE GALICIA.

E) DECLARACIÓN XURADA DE TER OU NON SOLICITADO AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE DE CALQUERA OUTRA ADMINISTRACIÓN OU ENTE PÚBLICO OU PRIVADO, NACIONAL OU INTERNACIONAL E, SE É O CASO, CONTÍAS RECIBIDAS.

F) FOTOCOPIA DA TARXETA DO CIF OU, SE É O CASO, DO NIF.

G) FOTOCOPIA DA ALTA NO IAE E DO ÚLTIMO RECIBO QUE ACREDITE ESTAR AO DÍA DO PAGAMENTO.

H) AUTORIZACIÓN Á CONSELLERÍA PARA A OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DIXITAIS.

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

PROXECTO/S QUE SE VAN REALIZAR	[]	[]	[]
CANTIDADE/S SOLICITADA/S	[]	[]	[]
CONTÍAS DO PROXECTO	[]	[]	[]
DATAS DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	[] - []	[] - []	[] - []

Quen abaixo asina DECLARA QUE: lle presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de abril de 2008 pola que se publican as bases das subvencións para empresas privadas que realicen actividades de conservación, protección e promoción dos camiños de Santiago e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral a subvencións.

Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOAA QUE O/A REPRESENTA

[] , a []

Conselleira de Cultura e Deporte

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	[]
REVISADO E CONFORME	[]

NÚMERO DE EXPEDIENTE	[]
DATA DE ENTRADA	[] / [] / []
DATA DE EFECTOS	[] / [] / []
DATA DE SAÍDA	[] / [] / []